



Unha viaxe a través da literatura

Actividade 5.1

Le o relato "A capoeira" de Vento ferido e contesta as seguintes preguntas:

A capoeira

Argumento	Espazo
<ol style="list-style-type: none"> O relato comeza co reencontro entre Gonzalo (que regresou do Brasil) e Perucho. Gonzalo ten moi presente un feito sucedido vinte anos atrás e que vai dar lugar á vinganza violenta. Explicao. Por que cres que Carlos Casares escolleu este título para o relato? 	<ol style="list-style-type: none"> Repara no espazo en que se desenvolven os feitos (a taberna do Alambrista), que características ten?

Carlos Casares nun texto publicado en "Á marxe", 1994 fala deste suceso ocorrido na súa vila, Xinzo de Limia.

HISTORIAS QUE NON SON PARALELAS

Podo recordar o lugar con precisión: o desaparecido café Antela, en Xinzo de Limia, alá polo ano 1960. Alguén me sinalou co dedo un tipo repoludo e pequenote, de rostro colorado, que bebía só nun recuncho do salón, inclinado sobre a mesa de mármore, con aspecto de bruto e destemido. Contáronme que matara un home por culpa dun burro, unha historia que empezara cun sachazo na cabeza do bico, unha paréntese posterior de vinte anos no Brasil e o regreso finalmente para vingar dun navallazo a morte do animal.

Aquela mesma noite escribín un relato sobre o suceso. Impresionáronme sobre todo a persistencia do agravio na memoria do asasino e o xesto épico do castigo. De maneira que aquel individuo solitario que me amosaron no café adquiriu para min caracteres de heroe. Así o describín no conto, que figura no meu primeiro libro.

Estes días apareceron sucesivamente nos periódicos noticias relacionadas coa morte dalgúns animais: un señor que en Inglaterra se dedicaba a poñer bombas para castigar as persoas que por razóns de tipo científico *experimentan con monos ou ratos*, e as autoridades de China que *acaban de executar un home que matou a un panda por vender a súa pel*. Ningunha das historias daría para escribir un conto. *En ambas as dúas falta a paixón e o rancor primitivo do meu paisano; ás dúas lles sobra ademais estupidez.*

Sábado, 31 de decembro

- Que aspectos coincidentes existen entre o relato "A capoeira" e o artigo "Historias que non son paralelas"?
- Que opinas ti sobre este tipo de vinganzas?

Actividade 5.2

Despois de analizar a obra *Xoguetes para un tempo prohibido*, contesta as seguintes preguntas:

1. Le atentamente este fragmento e analiza a modalización narrativa na obra. Quen é o narrador? A quen se dirixe?

“O tempo andaba lento pola noite, arrevoaba o sono dentro da habitación e unha mágoa negra íache medrando ós pouquiños no medio do peito amedoñado. Caían pesadas as horas do reloxero da torre e cada unha amosaba máis claramente aínda a magnitude da desfeita. A fouce de Deus pasara preto, pero a voz da túa nai dicindo Elías, Elías, ala que son horas, recordaba que non foras ti o sinalado”.

Actividade 5.3

Procura un libro de *Os escuros soños de Clío* e le os seguintes relatos: “O avisador e o avisado”, “Dous normandos” e “O xudeu Xacobe”.

1. No relato "O avisador e o avisado", cal é a función do avisador Narciso Acuña?
2. Como consegue o alquimista Caaveiro salvar a súa vida?
3. Describe as diferenzas entre Torbjörn e Orm no relato "Dous Normandos"
4. Como describirías a personalidade de Luís de Morgade, curador de don Carlos II o Enfeitizado?
5. Que pretendía Frei Heitor Joaquim Arrais no relato "O xudeu Xacobe"?
6. Poderías dicir quen era Cagliostro?

Actividade 5.4

Como xa vimos, *Ilustrísima* é unha novela dedicada ao seu tío Xosé Mouriño, cura en Beiro. A familia materna de Carlos Casares contaba cunha longa tradición no mundo eclesiástico: curas, bispos, cóengos. O protagonista: Ilustrísima, está enfrontado ao que a crítica denomina o triunvirato: don Xenaro, Sor Sabina e don Telesforo.

1. Analiza a importancia de cada un deles na historia. Por que hai un enfrontamento entre Ilustrísima e os personaxes anteriores.

Le este fragmento de *Ilustrísima* e responde as preguntas que van a continuación:

"[...] Era a primeira vez que Ilustrísima se encontraba con ela a soas, sen a compañía beata e reverente das súas irmás de relixión, diante da admiración rendida e fácil de don Xenaro ou a expectación atenta e vixiante do lectoral. Sentada fronte del, coas finas mans perdidas no amparo protector das intimidades dun hábito visiblemente rafado, a monxa semellaba máis pequena, máis miúda e máis fráxil do que el sempre pensara. Pero ao mesmo tempo, desde debaixo da súa pel transparente saía como unha fervura poderosa e encarnada que Ilustrísima se viu obrigado a distanciar de si para non caer no seu engado. Por vez primeira nos quince anos cumpridos que levaba á fronte da diocese non se atreveu a descalificar na mente Sor Sabina coa facilidade e a falta de dúbidas con que o tiña feito ata entón. E aínda deixarse impresionar polo seu carisma, pensou que aquel ser que alí estaba era polo menos merecente de respecto.

[...] Disculpouna pensando no nerviosismo que debía sentir polo simple feito de atreverse a traspasar aquelas portas e a imaxe da sor voando polo aire, que en outra ocasión non deixaría de provocarlle un pensamento divertido, acabou por interesalo aínda máis nos propósitos que a levaran ante a súa presenza. E como intuindo o que naquel momento estaba a pensar, dixo Sor Sabina:

Ilustrísima darase conta de que non resulta fácil para min esta conversa... [...]"

- 2 Que tipo de narrador podemos identificar? Xustifica a túa resposta.
- 3 Como aparece caracterizada neste fragmento Sor Sabina?
- 4 Que opinión ten Ilustrísima de Sor Sabina?
- 5 A que suceso se refire o narrador cando di "a imaxe da sor voando polo aire"?

Le este fragmento e situádeo no desenvolvemento do relato:

"[...] Ao chegar aquí, dúas bágoas redondas e grosas foron caer no medio do papel, sobre o nome "Aleceios", que ao instante se converteu nunha pucharquiña borrosa e azulada. As campás da catedral iniciaron o toque da agonía, o laio funeral por unha alma a punto de render contas. Ilustrísima rachou o plego emborranchado, colleu outro e facendo un esforzo inmenso para mover o brazo, púxose a escribir de novo. [...]"

- 6 Que relación existe entre Aleceios e Ilustrísima?

Actividade 5.5

A continuación le este fragmento tirado de *Deus sentado nun sillón azul* e responde as cuestións que van a continuación:

"[...] De pronto é como se os acontecementos que estes días conmoven a cidade tivesen lugar a miles de quilómetros de distancia, mesmo como se todo canto sucede no mundo se perdera nunha dimensión que el xa non consegue comprender. Aínda non comentou no periódico o holocausto das dúas cidades do Xapón que hai poucos días foron arrasadas por unha bomba e borradas do mapa. Ela está segura de que xa non o vai facer. [...]"

Deus sentado nun sillón azul

1. O texto fala do holocausto de dúas cidades, a cales se refire? Que sucedeu?
2. Analiza a modalización narrativa neste fragmento e na novela en xeral. Nesta novela a presenza feminina faise máis evidente ca en *Ilustrísima*?